



CONCURSO FOTOGRÁFICO

ORGANIZA: EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (EDLG)

“A vendima 2018”

1. Bases:

- Aberto só ao alumnado do IES Xesús Taboada Chivite.
- Cada alumno poderá presentar un máximo de tres fotografías.
- Cada imaxe irá acompañada dun título, da data de realización e dunha breve reflexión explicativa en verso ou en prosa.
- As fotos non poderán ser manipuladas. Só se permitirá corrixir a tonalidade, a luminosidade ou recortar a foto.
- Todos os dereitos sobre as fotos corresponderán ao autor das mesmas.
- No uso que se faga das fotos, estas irán acompañadas do nome do autor nun lugar visible.
- As fotos premiadas poderán ser utilizadas polo IES Xesús Taboada nunha ou máis exposicións de carácter educativo, cedendo o propietario os dereitos de explotación exclusivamente para estas exposicións.
- As fotos dos participantes serán devoltas aos seus autores ou borradas.
- Se o premio queda deserto, non se poderá utilizar nin expor ningunha das fotos.
- Calquera utilización das fotos deberá contar coa autorización expresa do autor.
- A forma de envío será ou ben por correo electrónico a: ofiadeirolalingua@gmail.com ou ben en USB ao titor do curso ou a coordinadora de EDLG.
- As fotos serán en cor ou en branco e negro.
- As fotos serán tomadas durante a vendima de 2018.
- As fotos enviadas serán realizadas polos propios autores.
- As fotos non poden estar publicadas, nin presentadas a outros concursos.
- Están totalmente prohibidas as fotomontaxes.
- Non se admitirán fotos que atenten contra a dignidade das persoas, dos seres vivos ou das paixaxes

2. Tema:

- A temática obxecto do concurso é a vendima en sentido amplo, pódense fotografar os traballadores, os útiles de traballo, as viñas, as adegas, etc.



3. Categorías:

- Haberá dúas categorías: A primeira estará integrada polos alumnos de 1º, 2º e 3º ESO, mentres que a segunda, por alumnos de 4º ESO, 1º e 2º BAC.

4. Cámara: Móbil ou cámara fotográfica.

5. Participación:

- As fotografías, xunto co título, a data de realización e a reflexión, enviaranse en formato dixital a ofiadeirodalingua@gmail.com ou entregaranse en USB ao titor ou á coordinadora do EDLG.
- As fotografías realizaranse coa máxima resolución que permita o móbil.
- Na mensaxe indicárase o nome e apelidos do autor/a, o lugar de realización da fotografía e o curso.
- Non se aceptarán arquivos con contidos contrarios ao dereito a honra, a intimidade persoal ou familiar ou a propia imaxe das persoas.

6. Data de admisión:

- A data de envío e recepción de imaxes será desde o 20 de setembro ata o 31 de outubro de 2018.

7. Exposición:

- As fotografías presentadas serán expostas nos taboleiros do instituto, no blog do EDLG; “o fiadeiro da lingua”, e na revista Faíscas.

8. Premios:

- Os gañadores recibirán material informático e unha ampliación da fotografiada premiada. O EDLG resérvase o dereito a crear varios accésits se a calidade dos traballos así o requirisen.

9. Repercusión na súa cualificación: O EDLG intentará que os traballos teñan unha repercusión de ata 0,5 puntos máis, na cualificación final do primeiro trimestre dunha materia relacionada coas fotografías presentadas.

10. Xurado:

- O xurado estará integrado polos membros do EDLG, do departamento de plástica e debuxo, alumnos e persoal non docente.

11. Aceptación:

- A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases do concurso e do faio inapelable do xurado elixido pola coordinadora do EDLG para tal fin.
- Non poderán participar no concurso nin profesores, nin pais, nin alumnos membros do xurado, nin alumnos doutros centros.